



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

MARTA VÁZQUEZ GAREA, SECRETARIA DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria do 30 de abril de 2024 o Pleno adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- APROBACIÓN INICIAL DO ESTABLECEMENTO DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO DE CONCILIACIÓN HARMONIZA E DA ORDENANZA 5.1 REGULADORA DA DEVANDITA PRESTACIÓN.

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, celebrada o 25/04/2024, que se transcribe no seu literal:

<<ÚNICO.- APROBACIÓN ORDENANZA 5.1 REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO DE CONCILIACIÓN HARMONIZA.

Dáse lectura á proposta de Alcaldía, sometida a ditame, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**ASUNTO:** APROBACIÓN INICIAL DO ESTABLECEMENTO DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO DE CONCILIACIÓN HARMONIZA E DA ORDENANZA 5.1 REGULADORA DA DEVENDITA PRESTACIÓN

O Concello da Laracha ven desenvolvendo programas de conciliación da vida persoal e familiar dentro das competencias relacionadas coas actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero, que se contemplan no artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, de bases do réxime local.

Para garantir a sustentabilidade do programa, é necesario que se establezca unha prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos ofertados, conforme se recolle na normativa vixente.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Estas prestacións patrimoniais están relacionados coa ordenanza reguladora do servizo do programa Harmoniza, que se está simultaneamente tramitando xunto con esta ordenanza, de modo que se actualizan e amplían os servizos e condición do programa Harmoniza e paralelamente se regulan as tarifas que se deben abonar por tales servizos.

Conforme se dispón no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o borrador desta Ordenanza estivo exposto, en audiencia previa, na sede electrónica municipal sen que se presentasen alegacións ou propostas.

Así, logo da tramitación correspondente

**PROPOÑO AO PLENO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o establecemento da prestación patrimonial de carácter público non tributaria no municipio da Laracha polo servizo de conciliación Harmoniza que se contempla na ordenanza 5.1 reguladora da devandita prestación.

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente a ordenanza 5.1 reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo de conciliación Harmoniza que figura como anexo a esta proposta.

**TERCEIRO.** Anunciar o establecemento da prestación patrimonial de carácter público non tributaria no municipio da Laracha polo servizo de conciliación Harmoniza, así como a aprobación inicial da ordenanza reguladora no Taboleiro de anuncios da entidade e no Boletín Oficial da Provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza na sede electrónica municipal co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o acordos do establecemento da prestación patrimonial de carácter público non tributaria e de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia sen que entren en vigor ata que se publique o seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia, e transcorrido o prazo previsto ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, mantendo a vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

**CUARTO.** Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

**ANEXO**



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## ORDENANZA 5.1 REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO DE CONCILIACIÓN HARMONIZA

### ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación coa Disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o Concello da Laracha establece a prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación do servizo público Harmoniza, de conciliación da vida persoal, familiar e laboral no municipio da Laracha que inclúe a acollida, coidado, vixilancia, organización de actividades e almorzo para menores de idade de educación infantil e primaria, conforme a competencia a que se refire o artigo 25.1.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

2.As tarifas e demais dereitos económicos, pola prestación dos servizos indicados no apartado anterior teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e se rexerán pola presente Ordenanza, así como no disposto na restante normativa reguladora anteriormente indicada.

### ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento as persoas usuarias do servizo Harmoniza, obxecto desta prestación patrimonial, tendo a condición de suxeitos substitutos ao pagamento os pais, nais, titores, solicitantes do servizo ou quen es teñan a custodia legal.

### ARTIGO 3. TARIFAS

1.As contraprestacións a exixir pola prestación dos servizos do programa Harmoniza se determinarán pola aplicación das tarifas recollidas no presente artigo, e no seu caso polas bonificacións do artigo 4, e terán carácter irreducible e se realizan polo tempo indicado ou fracción del.

Curso escolar (días lectivos)	Importe	
	Mes natural completo con almorzo	65,00
	Mes natural completo sen almorzo	45,00

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

	Días soltos concertados con almorzo	4,50
	Días soltos concertados sen almorzo	3,50
	Días ocasionais con almorzo	5,50
	Días ocasionais sen almorzo	4,25
<b>Actividades de conciliación non lectivas (Entroido, Semana Santa, Verán e Nadal)</b>		
	Por día con almorzo	8,00
	Por día sen almorzo	6,50
	Por quincena (no Verán) con almorzo	65,00
	Por quincena (no Verán) sen almorzo	50,00
<b>Servizo canguraxe</b>	Por hora	15,00

2.As tarifas exixiranse en réxime de autoliquidación, debendo efectuarse o abono do importe con carácter previo á prestación do servizo previamente autorizado, agás nos casos de servizos durante os días lectivos do curso escolar e do servizo de canguraxe, no que o abono se efectuará nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao da prestación do servizo.

3.No caso de actividades con pago con carácter previo, se entregará o xustificante de ingreso aos responsables da empresa prestadora do servizo, ou mediante envío ao correo electrónico que se indique nas follas de inscrición.

4. O importe mensual para o servizo de días soltos concertados no poderá superar a tarifa de mes natural completo, polo que de ser o caso, se pagará por éste último importe de mes completo, ao ser máis económico para as persoas usuarias.

5. O impago das tarifas poderá dar lugar á baixa do servizo, nos termos indicados no regulamento do servizo Harmoniza, sen perxuízo que se poida exixir o seu ingreso pola vía de construximento, aplicando as recargas establecidas nos artigos 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria sen necesidade de requirimento previo.

6. Procederá a devolución das cotas abonadas por adiantado nos casos en que non se preste o servizo por causas imputables ao Concello, rateando no seu caso polo tempo no que non se puido prestar o servizo.



#### ARTIGO 4. BONIFICACIÓNS DAS TARIFAS

1. Ás tarifas do artigo 4 poderán ser obxecto de bonificación, previa solicitude das persoas solicitantes do servizo de mes natural completo ou días soltos concertados en función do seguinte baremo:

<b>BAREMO PARA A BONIFICACIÓN DAS TARIFAS</b>	<b>Puntos</b>
<b>A.- Situación socio-familiar</b>	
- Mulleres vítimas de violencia de xénero	2
- Familia monoparental	2
- Familia numerosa	2
- Dous ou máis crianzas usuarias do mesmo núcleo familiar	2
- Calquera outra situación socio-familiar susceptible de valoración	1
<b>B.- Situación económica dos membros da unidade familiar (renda per càpita)</b>	
- Menor ou igual ao 75% do IPREM (12 meses)	5
- Menor ou igual ao 125% do IPREM (12 meses)	4
- Menor ou igual ao 175% do IPREM (12 meses)	3
- Superior ao 175% do IPREM (12 meses)	2

2. A bonificación que se aplicará se determinará en función da suma dos puntos do apartado anterior e conforme o seguinte:

<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>REDUCCIÓN SOBRE A TARIFA</b>
De 10 puntos en diante	50%
De 8 a 10 puntos	25%
Menos de 8 puntos	SEN REDUCCIÓN

3. As persoas usuarias que presenten documentación tendente á aplicación da bonificación das tarifas o deberán solicitar ao Concello, sendo de aplicación, no seu caso, ao mes seguinte ao da solicitude.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

4. A efectos da aplicación destas bonificacións, enténdese por unidade familiar o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal e/ou de parentesco ou as unidades de convivencia cando constitúan núcleos estables de vida en común.

5. A efectos da aplicación destas bonificacións, enténdese, enténdese por familia monoparental, o núcleo familiar composto por unha única proxenitora ou proxenitor que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e as fillas ou os fillos menores ao seu cargo, sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia, e transcorrido o prazo previsto ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, mantendo a vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Sen máis intervencións sométese a proposta a votación, quedando DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos a proposta transcrita, por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP: D. Manuel García Montes, D. José Alberto Blanco Veiga, Dna. María Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna. Cristina Vieites Calvo, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas; **2 abstencións** das persoas que integran o grupo municipal de BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé María Cotelo, e **1 abstención** da persoa que integran o grupo municipal do PSOE: D. Inés Ramos López.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

...//..

Sen máis intervencións sométese o ditame a votación quedando aprobado por MAIORÍA de **12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo Municipal do PP: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, Dna. Patricia María Bello Canedo, Dna. M<sup>a</sup> del Rocío López Rey, D. Pablo Cambón Bértoa, D. José Alberto Blanco Veiga, Dna M<sup>a</sup> Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía , D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Manuel García Montes, Dna. Cristina Vieites Calvo; **3 abstencións** das persoas que integran o grupo



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

municipal do BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé M<sup>a</sup> Cotelo Freire, D. David Antonio Bermúdez Lamas; e **2 votos en contra** das persoas que integran o grupo municipal do PSOE: Dna. Inés Ramos López, D. José Suárez García, o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO. Aprobado o establecemento da prestación patrimonial de carácter público non tributaria no municipio da Laracha polo servizo de conciliación Harmoniza que se contempla na ordenanza 5.1 reguladora da devandita prestación.

SEGUNDO. Aprobado inicialmente a ordenanza 5.1 reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo de conciliación Harmoniza que figura como anexo a esta proposta.

TERCEIRO. Anunciar o establecemento da prestación patrimonial de carácter público non tributaria no municipio da Laracha polo servizo de conciliación Harmoniza, así como a aprobación inicial da ordenanza reguladora no Taboleiro de anuncios da entidade e no Boletín Oficial da Provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza na sede electrónica municipal co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o acordos do establecemento da prestación patrimonial de carácter público non tributaria e de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia sen que entren en vigor ata que se publique o seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia, e transcorrido o prazo previsto ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, mantendo a vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

CUARTO. Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

## ANEXO

### ORDENANZA 5.1 REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO DE CONCILIACIÓN HARMONIZA

#### ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

1. Ao abeiro do disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación coa Disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o Concello da Laracha establece a prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación do servizo público Harmoniza, de conciliación da vida persoal, familiar e laboral no municipio da Laracha que inclúe a acollida, coidado, vixilancia, organización de actividades e almorzo para menores de idade de educación infantil e primaria, conforme a competencia a que se refire o artigo 25.1.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

2.As tarifas e demais dereitos económicos, pola prestación dos servizos indicados no apartado anterior teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e se rexerán pola presente Ordenanza, así como no disposto na restante normativa reguladora anteriormente indicada.

**ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO**

Están obrigados ao pagamento as persoas usuarias do servizo Harmoniza, obxecto desta prestación patrimonial, tendo a condición de suxeitos sustitutos ao pagamento os pais, nais, titores, solicitantes do servizo ou quen es teñan a custodia legal.

**ARTIGO 3. TARIFAS**

1.As contraprestacións a exixir pola prestación dos servizos do programa Harmoniza se determinarán pola aplicación das tarifas recollidas no presente artigo, e no seu caso polas bonificacións do artigo 4, e terán carácter irreducible e se realizan polo tempo indicado ou fracción del.

<b>Curso escolar (días lectivos)</b>	<b>Importe</b>
Mes natural completo con almorzo	65,00
Mes natural completo sen almorzo	45,00
Días soltos concertados con almorzo	4,50
Días soltos concertados sen almorzo	3,50
Días ocasionais con almorzo	5,50
Días ocasionais sen almorzo	4,25



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

<b>Actividades de conciliación non lectivas (Entroido, Semana Santa, Verán e Nadal)</b>		
	Por día con almorzo	8,00
	Por día sen almorzo	6,50
	Por quincena (no Verán) con almorzo	65,00
	Por quincena (no Verán) sen almorzo	50,00
<b>Servizo canguraxe</b>	Por hora	15,00

2.As tarifas exixiranse en réxime de autoliquidación, debendo efectuarse o abono do importe con carácter previo á prestación do servizo previamente autorizado, agás nos casos de servizos durante os días lectivos do curso escolar e do servizo de canguraxe, no que o abono se efectuará nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao da prestación do servizo.

3.No caso de actividades con pago con carácter previo, se entregará o xustificante de ingreso aos responsables da empresa prestadora do servizo, ou mediante envío ao correo electrónico que se indique nas follas de inscrición.

4. O importe mensual para o servizo de días soltos concertados no poderá superar a tarifa de mes natural completo, polo que de ser o caso, se pagará por éste último importe de mes completo, ao ser máis económico para as persoas usuarias.

5. O impago das tarifas poderá dar lugar á baixa do servizo, nos termos indicados no regulamento do servizo Harmoniza, sen perxuízo que se poida exixir o seu ingreso pola vía de construximento, aplicando as recargas establecidas nos artigos 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria sen necesidade de requirimento previo.

6. Procederá a devolución das cotas abonadas por adiantado nos casos en que non se preste o servizo por causas imputables ao Concello, rateando no seu caso polo tempo no que non se puido prestar o servizo.

**ARTIGO 4. BONIFICACIÓNS DAS TARIFAS**

1.Ás tarifas do artigo 4 poderán ser obxecto de bonificación, previa solicitude das persoas solicitantes do servizo de mes natural completo ou días soltos concertados en función do seguinte baremo:

<b>BAREMO PARA A BONIFICACIÓN DAS TARIFAS</b>	<b>Puntos</b>
---	---------------



<b>A.- Situación socio-familiar</b>	
- Mulleres vítimas de violencia de xénero	2
- Familia monoparental	2
- Familia numerosa	2
- Dous ou máis crianzas usuarias do mesmo núcleo familiar	2
- Calquera outra situación socio-familiar susceptible de valoración	1
<b>B.- Situación económica dos membros da unidade familiar (renda per càpita)</b>	
- Menor ou igual ao 75% do IPREM (12 meses)	5
- Menor ou igual ao 125% do IPREM (12 meses)	4
- Menor ou igual ao 175% do IPREM (12 meses)	3
- Superior ao 175% do IPREM (12 meses)	2

2. A bonificación que se aplicará se determinará en función da suma dos puntos do apartado anterior e conforme o seguinte:

<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>REDUCCIÓN SOBRE A TARIFA</b>
De 10 puntos en diante	50%
De 8 a 10 puntos	25%
Menos de 8 puntos	SEN REDUCCIÓN

3. As persoas usuarias que presenten documentación tendente á aplicación da bonificación das tarifas o deberán solicitar ao Concello, sendo de aplicación, no seu caso, ao mes seguinte ao da solicitude.

4. A efectos da aplicación destas bonificacións, enténdese por unidade familiar o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal e/ou de parentesco ou as unidades de convivencia cando constitúan núcleos estables de vida en común.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

5. A efectos da aplicación destas bonificacións, enténdese, enténdese por familia monoparental, o núcleo familiar composto por unha única proxenitora ou proxenitor que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e as fillas ou os fillos menores ao seu cargo, sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia, e transcorrido o prazo previsto ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, mantendo a vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

O que certifico, na Laracha, á data da sinatura electrónica, co visto e prace do Sr. Alcalde, José Manuel López Varela, a reserva dos termos definitivos en que quede redactada a acta.